

## A prensa palestina recolle o recoñecemento da AELG ao poeta palestino Bassem Khandakji

Khandakji non puido desprazarse finalmente a Galiza esta fin de semana para recoller o premio Escritor Galego Universal 2026 por problemas no consulado no Cairo.

Redacción

10 de maio de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/prensa-palestina-recolle-reconecemento-da-aelg-ao-poeta-palestino-bassem-khandakji/20260510183414255946.html>

O palestino Basim Khandaqji foi recoñecido como o **Escritor Galego Universal 2026** da **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)**. Unha homenaxe que ía ter lugar esta fin de semana en Compostela no marco da gala dos Premios Follas Novas do Libro Galego, mais o poeta palestino non puido estar finalmente presente por unha serie de problemas burocráticos no consulado do Cairo.

O recoñecemento dos escritores e escritoras galegas a Khandaqji **non pasou desapercibido en Palestina**, onde esta nova foi recollida pola prensa e difundida a través de diversas redes sociais. Medios como Ultra Palestine fixéronse eco da designación do poeta cixordano como Escritor Galego Universal 2026.

**"A AELG anunciou que lle concedeu ao preso liberado e escritor palestino Bassem Khandakji o título de "Escritor Galego do Ano 2026", en recoñecemento á súa carreira literaria e ao seu apoio inquebrantábel á dignidade nacional palestina, a pesar do seu encarceramento en cárceres israelís",** indica a prensa palestina.

"Nunha carta oficial dirixida a Khandaqji, a asociación afirmou que esta honra chega "como expresión da nosa profunda admiración e **respecto por vostede e polo traballo que realizou en defensa da literatura e a dignidade nacional** palestinas, que lle custou o doloroso sufrimento do cárcere".

Khandaqji pasou 21 anos en prisións de Israel e após ser liberado **Tel Aviv non lle permitiu vivir en Cixornadia**, polo que tivo que exiliarse en Exipto.

Antes de ficar libre, aínda na cadea, escribiu a novela Unha máscara da cor do ceo, que recibiu o Premio Internacional de Ficción Árabe. **Unha obra e un compromiso que lle valeu o recoñecemento dos escritores e escritoras galegas.**

[Sermos Galiza entrevistou este escritor palestino](#) no número da semana pasada, do 2-3 de maio. Nela, Basim explica como soportou dúas décadas de duras condicións nos cárceres israelís: “Mantívenme crendo nas palabras de Ernest Hemingway na súa novela *O vello e o mar*. Podes romperme mais non podes derrotarme, podes romper os meus ósos ou as miñas costelas, mais non podes romper o meu interior. Despois de todo, penso que gañei, non a modo persoal, é un vitoria dun prisioneiro político destes cárceres, onde os palestinos están sufrindo tanto. Até agora tiña moitas complicacións en falar disto, mais vou escribir disto, e o tempo me dará a calma para poder falar desta experiencia, que non é fácil.